- E sen dúbida tamén en campos de cultivos que están asolagados dende fai moitos días e que sen dúbida ou ben botaron a perder os cultivos existentes, ou fan inviable totalmente que a próxima campaña se dea en boas condicións. Por suposto todos os cultivos hortícolas, de flor,e tamén a gandeira xa que toda a pradería renovada no outono pasado e que tería que producir nos próximos meses se pode dar por perda.

En definitiva, en moitos factores os reiterados temporais sufridos en Galicia fai que en determinadas zonas precisen dun plan por parte da Administración autonómica excepcional e específico que axude a paliar as importantes perdas que agricultores e gandeiros van a padecer, e tamén da reparación de certas infraestruturas para poder seguir desenvolvendo a súa actividade.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan en cooperación cos concellos para avaliar os danos causados en infraestruturas básicas do rural galego. Posta en marcha dunha liña de axudas para reparar eses danos de competencia municipal.
2. Crear unha liña de axudas excepcional e específica para os produtores, agricultores e gandeiros, que contemple as edificacións, estruturas agrarias e tamén os cultivos perdidos durante estes meses, con axilidade para que poida abordarse canto antes a súa reconstrución e renovación.
3. Poñer en marcha os protocolos precisos e xa establecidos para declarar a determinadas zonas como “especialmente danadas polo temporal” de cara a axudas que terá que abordarse dende o Goberno do Estado; axudas fiscais, seguridade social, etc.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: Pablo García García

Raúl Fernández Fernández

José Ramón Val Alonso

Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

Pablo García García na data 13/02/2014 16:25:13

Raúl Fernández Fernández na data 13/02/2014 16:25:20

José Ramón Val Alonso na data 13/02/2014 16:25:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 16:25:34

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

No último trimestre do ano 2013, Portos de Galicia dotou ao muelle do Xufre, principal peirao da flota bateeira de Galicia dun dique flotante no cal invertiu ao redor de 1.200.000 euros. Esta actuación foi considerada polos profesionais como irreversible, xa que non se instalaron os pantaláns para poder amarrar a flota e non se pode utilizar como atraque.

De feito o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos unha emenda aos orzamentos 2014 para que se contemplara unha partida neste senso e como sempre foi rexeitada polo Grupo Parlamentario Popular.

O domingo día 9 de febreiro ante as previsións de que o vento forte do suroeste saltara ó norte - noroeste fixo saltar todas as alarmas entre os mariñeiros da Arousa. Estes, ante as novas meteorolóxicas, optaron por levar as embarcacións a lugares de abrigo natural na Arousa, os máis afortunados optaron por levar as embarcacións a lugares de abrigo na Arousa, os máis afortunados atoparon amarre noutros puntos da ría, e os menos afortunados permaneceron de vixilancia abordo das embarcacións ata ben entrada a madrugada cando o vento amainou e se tivo a certeza de que non saltaba o vento ao norte, iso si dobrando os amarres.

A indignación dos mariñeiros é maiúscula polo comportamento do responsable de Portos de Galicia que fixo un experimento en A Illa de Arousa cun dique que non cubre as necesidades da flota.

 Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir a depuración de responsabilidades do presidente de Portos de Galicia, pola dilapidación de fondos públicos nunha actuación irreversible para a flota da Illa de Arousa.
2. Adoptar as medidas oportunas para solucionar o problema que se lle ocasionou a flota da Illa de Arousa coa construción deste dique flotante.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

Patricia Vilán Lorenzo

Pablo García García

José Ramón Val Alonso

Francisco Caamaño Domínguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 13/02/2014 16:42:38

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2014 16:42:45

Pablo García García na data 13/02/2014 16:42:50

José Ramón Val Alonso na data 13/02/2014 16:42:54

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 13/02/2014 16:42:59



 [Grupo Parlamentario](#)

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 16:43:04

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO:

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do deputado **Antón Sánchez García** e a través do seu voceiro Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a **seguinte Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, en relación coa participación da Xunta respecto de actuacións no Parrote-Mariña-A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

1.- O pasado 9 de setembro de 2013 o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria desta cidade para a construción dunha vía subterránea no peirao do Parrote.

A este convenio dáselle publicidade mediante a publicación o 10 de febreiro de 2014 da resolución do 29 de xaneiro de 2014 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta axencia no terceiro cuadrimestre do ano 2013.

O orzamento de execución destas obras estímase en máis de 14 millóns de euros, dos cales máis de 12 serán achegados polo Goberno galego. Estel vial soterrado, de 562 metros de lonxitude aproximadamente, discorrerá entre Porta Real e o Castelo de Santo Antón e na realidade supón que con fondos públicos da Xunta se vai financiar parte da estrutura dun aparcamento soterrado da cal é concesionaria a entidade Copasa.

2.- O Convenio de cofinanciamento do viario soterrado ao que fai referencia o apartado anterior ten como antecedente o Convenio de colaboración para o desenvolvemento da mobilidade na dársena da Mariña e O Parrote asinado en xaneiro de 2012 polo Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña. Convenio no que precísase que "*A execución e posterior explotación do vial, estará incluída a todos os efectos dentro do*

obxecto da concesión que se otorgará para a execución dun novo estacionamento soterrado na explanada do Parrote”, polo cal queda meridianamente claro que a Xunta aporta fondos para a execución dunha actuación en terreos obxecto de concesión administrativa outorgada pola Autoridade portuaria de A Coruña a favor dunha entidade privada, Copasa. Investimento autonómico (contabilizado como transferencia) nunha actuación privatizadora de subsolo público e que, ao cabo, revertirá á Autoridade Portuaria de A Coruña.

3.- En dito Convenio de xaneiro de 2012 prevíanse entre o Concello de A Coruña, e ademáis do viario soterrado do Parrote, unha actuación na Mariña.

O Plan Especial de Infraestruturas e dotacións da Mariña, aprobado inicialmente por acordo da XGL de 06/07/2012, e que contemplaba un investimento de 14.456.041 € para a execución dunha actuación en superficie (1.853.400 €) e 8.441.459 € para a dotación doutro aparcamento soterrado, forma parte do desenvolvemento normativo das cláusulas contidas no mencionado Convenio.

4.- Do mesmo xeito, estase a executar a actuación de soterramento dunha parte do viario que vai paralelo ao recinto portuario (Avenida do Porto-Alférez provisional). Dita actuación, contratada e adxudicada pola Autoridade portuaria a Copasa (vaia casualidade !!!) interconecta o viario soterrado sinalado no apartado 1 anterior e supón, entre outros, a demolición do peche do recinto portuario que está catalogado no PXOM da Coruña (precisamente por imposición da D.X. Patrimonio da Xunta), sen contar dita demolición,, que se saiba, con autorización previa de dita D.X. Patrimonio.

5.- As actuacións descritas anteriormente non están amparadas polo interese público xeral. Ao contrario, suponen a transferencia de recursos públicos a favor ou en beneficio de intereses da concesionaria Copasa, ademáis de server como soporte de infraestrutura ao obxectivo declarado de desafectación e posterior enaxenación de terreos portuarios, en aplicación dos nefatos Convenios asinados no 2004 polo Estado e o concello de A Coruña, daquela presidido por Paco Vázquez.

6.- Nun momento de crise e coa necesidade imperiosa de investimentos que melloren a calidade de vida da cidadanía ou palíe a súa perda galopante, estas obras son un insulto e falta de respecto á cidadanía coruñesa polo que supón de asignación de recursos astronómicos a unha zona da cidade en detrimento de todo o resto dos barrios, polo que supón de fomento do transporte privado no canto do público e de especulación cun solo privilexiado.

Nun tempo de recortes nas inversións sociais, de perda continua de dereitos no traballo, na sanidade, na educación, chega un alcalde da dereita mais rancia e a seu gran proxecto, en complicidade coa Xunta de Galiza, en plena debacle económica de miles de familias e de empresas é financiar actuacións contrarias ao interese xeral público.

Por todo esto Alternativa Galega de Esquerda presenta ésta Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a :

- 1) Anular e deixar sin efecto o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción da vía subterránea no peirao do Parrote, procedendo á modificación orzamentaria correlativa aos efectos de destinar as partidas económicas comprometéidas á mellora dos servizos sociais, ensino e sanidade da cidade da Coruña.
- 2) Renunciar a calquer tipo de convenio de financiamento da Xunta ás outras actuacións que desenvolven ou poidan desenvolver a Autoridade Portuaria e Concello de A Coruña na Mariña-Parrote e sinaladas na exposición de motivos.
- 3) Incoar por parte da Dirección Xeral de Patrimonio expediente informativo en relación coas obras en curso de execución na zona da Mariña-Parrote-Avenida do Porto-Alférez Provisional, aos efectos de verificación do seu axuste á normativa de protección dos bens catalogados.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 13/02/2014 17:03:01

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/02/2014 17:03:09

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa dos seus deputados, Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e do deputado-portavoz, José Luis Méndez Romeu, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

A partires do xoves 30 de xaneiro, os autónomos, comerciantes e calquera contribuínte que deba declarar o IVE á Axencia Tributaria, dependente do Ministerio de Facenda, deberá presentar o documento por Internet, ou o que é o mesmo, vía telemática. Ata o de agora, as autoliquidacións e as declaracións anuais do pago deste imposto podían presentarse vía telemática, de xeito voluntario, ou en papel, nas oficinas da Axencia Tributaria pero, a partir do día indicado, tanto a presentación como a liquidación debe realizarse obrigatoriamente a través da rede.

Esta nova situación que se presenta para autónomos, comerciantes e outros contribuíntes xa provocou a inquietude e incluso queixas nalgunhas oficinas da AEAT de España. Concretamente, as protestas refírense, sobre todo, á presentación do modelo 390, correspondente ao resumo anual do IVE de 2013, e que tivo que ser presentado antes de finais de xaneiro.

Neste senso, do que se queixan os cidadáns é que un contribuínte sen dominio da Internet vese obrigado, por primeira vez, a pagar entre 60 e 85 euros a un xestor administrativo para poder presentar as declaracións e liquidacións correspondentes a este imposto, pois, no caso de non facelo como indica a nova normativa do Goberno, cabe a posibilidade de interpoñerlle unha sanción de ata 1.500 euros.

Na actualidade, existen en Galicia 230.000 persoas que tiveron que realizar, por primeira vez, este trámite administrativo a través da rede. Para a Axencia Tributaria resulta moito máis sinxelo e, sobre todo, moito máis barato porque aforra os custos de persoal, pero non é así para os contribuíntes.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Proba do anterior é que a maior parte dos particulares que obteñen unha pequena renda por un local ou piso que teñen en aluguer, ou os pequenos autónomos, son persoas de idade avanzada e pouco acostumadas ás novas tecnoloxías, polo que, nestes casos, a porcentaxe que non consegue realizar o proceso con éxito sen recorrer a un servizo privado, é elevada.

Precisamente, o secretario de Administración Xeral do Estado de UXT e traballador do departamento de informática da AEAT recoñeceu publicamente que a aplicación é complexa e esixe moitos requirimentos técnicos que un particular non ten porque coñecer nin ter no seu ordenador. Así, por exemplo, a aplicación non funciona con todos os navegadores, tamén esixe a última actualización de Java e, os trámites a realizar, tampouco son sinxelos, xa que para poder acceder o usuario ten que dispoñer dunha certificación de sinatura electrónica ou obter un código provisional.

Outro dos problemas cos que se atopan os contribuíntes á hora de realizar a autoliquidación é que o sistema informático queda bloqueado xusto no último paso antes de validar o proceso. E, no caso das liñas telefónicas, por mor do aluvión de dúbidas dos declarantes durante o período no que o proceso están en marcha, tamén están saturadas.

Tendo en conta as deficiencias que presenta o sistema, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Se dirixa o Goberno central e solicite a supresión desta medida que dificulta aos pequenos autónomos e aos pequenos contribuíntes á realización da declaración e liquidación do IVE.

2ª) No caso de que este sistema continúe vixente, se dirixa o Goberno central para que adopte as medidas de apoio precisas, co fin de que os afectados poidan realizar o proceso con éxito, sen ter que recorrer a un servizo privado.

 Grupo Parlamentario

3º) Se dirixa o Goberno central e lle solicite a suspensión das sancións económicas aos contribuíntes que non realicen o procedemento correctamente, xa que en moitos casos trátase de persoas que non teñen acceso ás novas tecnoloxías ou que están pouco acostumadas a facer uso delas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 13/02/2014 17:30:54

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/02/2014 17:31:08

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 17:31:24

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Concepción Burgo López, Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, solicitan a esa Mesa a retirada dos documentos con número **17639 e 17640**, por duplicidade dos documentos.

Pazo do Parlamento, 14 de febreiro de 2014

Asdo.: Concepción Burgo López
Juan Carlos González Santín
José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Concepción Burgo López na data 14/02/2014 19:08:10

Juán Carlos González Santín na data 14/02/2014 19:08:16

José Antonio Sánchez Bugallo na data 14/02/2014 19:08:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/02/2014 19:08:28

Raúl Fernández Fernández na data 14/02/2014 19:08:33

José Luís Méndez Romeu na data 14/02/2014 19:08:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa dos seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comision**

Exposición de Motivos

Durante os últimos meses a adversidade meteorolóxica ten provocado que a nosa flota pesqueira apenas puidese saír a faenar, situación que unida a xa dramática realidade económica do sector, fai que a día de hoxe a xente do mar esteña case na bancarrota, os dous meses que suman sen ingresos e os custes fixos os que teñen que facer fronte con independencia dos días de mar, fan que a situación seña dramática e moitos esten pensando xa en abandonar este medio de vida.

Ante esta situación a administración non pode mirar para outro lado os milleiros de galegos e galegas que viven do mar merecen a adopción de medidas urxentes que palíen a actual situación de forma que se poidan compensar economicamente as perdas e situación social afectada.

Nos últimos días os moitos mariñeiros que denuncian as presións das entidades financeiras que queren cobrar os seus créditos igual sen importarlles a situación do sector, e polo tanto son centos senón miles no litoral galegos as persoas que están en risco de perder os seus medios de vida, barcos ou incluso as súas vivendas, ante esta dramática situación que parece non importar ao Sr Feijoo e á Sra Quíntana, máis preocupados de tapar as vergonzas da Pokemon que de ofrecer alternativas o país.

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte
Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión

O Parlamento de Galicia insta o goberno galego a articular as axudas
económicas extraordinarias para paliar as perdas económicas ocasionadas
polos continuos temporais o conxunto do sector do mar de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recousó

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juán Manuel Fajardo Recousó na data 07/02/2014 12:32:02

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 07/02/2014 12:32:12



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión**.

O BNG ten manifestado en diversas ocasións as súas discrepancias de fondo sobre o modelo de tratamento do lixo impulsado pola Xunta de Galiza a través de Sogama. O tempo veu a darnos a razón e demostra seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. De feito, mesma esta foi a valoración realizada polo propio Consello de Contas que no seu último informe de fiscalización de SOGAMA di literalmente: “A consolidación do proxecto de SOGAMA como o principal modelo de xestión dos RU da Comunidade Autónoma desenvolveuse no marco xeral do incumprimento dos obxectivos de redución, reutilización e reciclaxe contemplados no Plano de xestión de RSU de Galicia 1998-2000(...) Neste senso, o modelo galego prioriza dun xeito importante a incineración con aproveitamento enerxético como forma de tratamento do 65,1% do lixo xerado no exercicio 2003 fronte a outras opcións, situándose fóra da tendencia xeral do Estado.”

Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica,



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos. Isto é o que ocorre con plans alternativos como o iniciado no Morrazo e desmontado polo PP ou o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que conceden prioridade á reciclaxe e á compostaxe e mostran custos máis sensatos.

Para alén diso, cómpre ter en conta a falta de colaboración da administración na elaboración de planos alternativos –ou sequera complementares- pois a maioría dos recursos públicos da Administración galega para o tratamento de residuos sólidos destínanse a financiar SOGAMA e non modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo houbo planos estatais que recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se trate prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A recentemente aprobada suba do canon de tratamento do lixo de Sogama pon de manifesto que o prezo que se viña pagando era un “prezo político”, subvencionado de maneira indirecta por fondos públicos. Do noso punto de vista, esta decisión é errada do punto de vista social. Estamos asistindo a unha escalada constante dos impostos e prezos que paga a poboación polo acceso aos servizos básicos, mentres sobe o paro e diminúen os salarios de traballadores e traballadoras. Alén disto, adóptase esta decisión sen ter en conta a opinión dos concellos adheridos e sen un diálogo os mesmos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urximos pois á Xunta de Galiza a buscar alternativas tanto no curto como no medio prazo que permitan mudar un modelo insustentábel e fracasado.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Reformular as previsións contidas na Lei de Orzamentos de 2014, de xeito que non se aplique no ano 2014 o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.

2. Iniciar un proceso de diálogo cos concellos, a través dunha negociación coa FEGAMP, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente coa finalidade de abordar a situación xerada e atopar alternativas.

3. Poñer en marcha medidas que permitan a superación do modelo de Sogama, a través dunha revisión en profundidade do Plan de xestión de Residuos Urbanos de Galiza, en base aos seguinte aspectos:

a) eliminar a previsión de construír unha nova incineradora de residuos urbanos de Galiza, ou ampliar a existente;

b) abandonar a incineración como alternativa para o tratamento da maior parte dos residuos;



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) apostar por un modelo de xestión de residuos comarcalizados que inclúa o establecemento de proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que permita a creación de emprego nas diferentes localidades e alcanzar os obxectivos de recollida selectiva e reciclaxe de modelos en funcionamento máis avanzados.

C) incluír o financiamento prioritario de actuacións de mellora da recollida selectiva, incluíndo alí onde sexa axeitada a recollida porta a porta, e das actuacións de prevención a través da educación ambiental e a implantación da compostaxe doméstica e comunitaria.”

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/02/2014 12:33:08

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **Comisión**, en relación á posta en marcha dun **plan de dinamización económica e medioambiental da Ribeira Sacra**.

O Parlamento de Galicia acordou avanzar na declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade da Unesco. Isto significa que a zona será declarada de especial protección para ser conservada como patrimonio común da humanidade.

Mais esta figura, de por si, non garante a preservación e mellora do estado do Patrimonio da zona, senón que precisa dunha participación activa tanto da cidadanía como da implicación real e efectiva das distintas administracións públicas comprometidas neste amplo territorio.

Esíxese un especial coidado das administracións no caso da Ribeira Sacra, pois non se trata só de centrar a atención nun monumento, nun conxunto patrimonial ou nunha única cidade, senón que falamos dun territorio que mantén un patrimonio moi variado, dunha riqueza incuestionable e que debe ser preservada, divulgada e revalorizada.

A distinción da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade non debe ser un pretexto para unha musealización mal entendida da zona: ten que ser un territorio vivo, onde as comunidades veciñais se impliquen na súa vida económica e cultural.

O territorio coñecido coa denominación “Ribeira Sacra” ten unhas singularidades paisaxísticas e culturais que a converten nunha paraxe única, tanto na súa dimensión xeomorfolóxica (os canóns do Sil e Miño; o cultivo en bancais), climática (mesturas en función dos lugares dun clima mediterráneo

cun atlántico), coma culturais, onde o patrimonio conserva as pegadas dos diferentes estadios evolutivos da nosa historia (desde o paleolítico da depresión de Lemos, os petroglifos do sur de Lugo, os castros e restos da romanización en Quiroga, Castellón, Proendos e San Vicente, ate as mostras do Barroco, pasando pola riqueza románica que se espalla por toda a Ribeira Sacra).

E, non obstante, falamos dun territorio que coñeceu o desleixo da administración pública ou, mesmo, que favoreceu a súa degradación e a conseguinte perda demográfica que afecta a toda a Ribeira Sacra.

O sobre-aproveitamento hidroeléctrico, do que se benefician as grandes empresas eléctricas, sen que nunca significase un beneficio para a poboación da zona, é unha das circunstancias que poñen en risco a propia candidatura a Patrimonio da Humanidade se consideramos que dito sobre-aproveitamento significou a destrución de paisaxes, o asulagamento das mellores terras e o esnaquizamento das prósperas relacións entre as ribeiras.

Son tamén fonte de grande preocupación: a escasa rede de saneamento coa que se conta na zona lucense, coa conseguinte contaminación dos recursos hídricos; a excesiva contaminación fitosanitaria das terras da ribeira; o escaso apoio ao sector leiteiro; a mala e nada efectiva política de control dos lumes; a carencia de redes de transporte público; todo isto nun territorio envellecido e de baixo nivel de renda, que vé, ademais, como a súa poboación máis nova marcha da zona buscando solucionar a súa vida noutras zonas de Galicia, do Estado ou de Europa, principalmente.

Desde AGE consideramos prioritario que se procure implicar á cidadanía durante todo o proceso. En especial, a **Comisión Mixta de Execución e Seguimento** creada co convenio de colaboración subscrito entre a Deputación provincial de Lugo, a Deputación de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra debe realizar un especial esforzo por implicar de forma activa a toda a sociedade civil, en especial as entidades culturais que traballan na conservación do patrimonio. De feito, a elaboración final debe contar coa participación do tecido cidadán.

Implicación da cidadanía que xa debe vir dado desde o ensino, esencial para concienciar da importancia do noso patrimonio cultural e natural, a través do desenvolvemento de unidades didácticas específicas que poñan en valor todo o espazo que abrangue a Ribeira Sacra.

Cómpre, igualmente, unha colaboración estreita coas entidades promotoras da candidatura co sector vitícola.

Estamos ante unha magnífica ocasión para adoptar o compromiso de pular pola distinción de patrimonio inmaterial galego-portugués como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

Esta iniciativa o que pretende é facer ver que non podemos agardar a contar coa distinción da Ribeira Sacra como patrimonio da Humanidade para que a Xunta de Galicia e as restantes administracións (local e provincial) se poñan a cooperar e implementar un plan de dinamización económica e medioambiental en toda a Ribeira Sacra.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1). Poñer en marcha un plan de dinamización económica e medioambiental na contorna xeográfica da Ribeira Sacra, que conte coa cooperación de todas as administracións públicas implicadas (Xunta, Concellos e Deputacións), que conteña unha cronoloxía e unha memoria orzamentaria detallada e que cando menos diferencie as seguintes accións a realizar no máis urxente:

1.1. Completar a rede de saneamento coa que se conta na zona lucense para evitar a actual contaminación de recursos hídricos;

1.2. Proceder a un plan de erradicación da contaminación fitosanitaria das terras da ribeira;

- 1.3. Poñer en marcha un plan de dinamización e apoio ao sector leiteiro;
- 1.4. Catalogación de árbores senlleiras;
- 1.5. Deseño e posta en marcha dunha efectiva política de ordenación do monte e de prevención dos lumes;
- 1.6. Plan coordinado de eliminación de vertedoiros incontrolados;
- 1.7. Mellora das redes de transporte público;
- 1.8. Posta en marcha dun plan de creación de emprego para asentar a poboación na zona e evitar a constante perda de poboación en toda a Ribeira Sacra.

Compostela, 06 de febreiro de 2014.

Xabier Ron Fernández

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 07/02/2014 12:53:37

José Javier Ron Fernández na data 07/02/2014 12:53:42

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Hipólito Fariñas Sobrino, Pedro M. Arias Veira, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, J. Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia é consciente de que na nosa Comunidade Autónoma existen persoas que viven en fogares con pobreza enerxética, entendendo por pobreza enerxética cando nun fogar non hai diñeiro para pagar unha cantidade suficiente de enerxía que permita cubrir as necesidades básicas ou cando se destina unha parte excesiva dos ingresos familiares ao pagamento da factura enerxética dunha vivenda, provocando carencias noutras necesidades básicas.

Non ignoramos que este é un gravísimo problema, e consideramos necesario que se estuden medidas que poidan paliar a vulnerabilidade de determinados segmentos de consumidores de electricidade. Pero medidas efectivas na solución do problema, xustas, de xeito que axuden á poboación que verdadeiramente o necesita; e asumibles dende o punto de vista económico.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a estudar as medidas máis adecuadas para paliar as necesidades enerxéticas da poboación en risco de exclusión social.

Así mesmo, ínstate a demandar do Goberno do Estado a definición de consumidor vulnerable á que se refire a nova Lei do Sector Eléctrico”.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/02/2014 13:15:36

Hipólito Fariñas Sobrino na data 07/02/2014 13:15:46

Pedro Manuel Arias Veira na data 07/02/2014 13:15:55

Berta Pérez Hernández na data 07/02/2014 13:16:07

Cristina Isabel Romero Fernández na data 07/02/2014 13:16:16

Jose Francisco Santos Regueiro na data 07/02/2014 13:16:24

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/02/2014 13:16:48

Gonzalo Trenor Lopez na data 07/02/2014 13:17:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancia das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos:

Polas súas condicións orográficas, meteorolóxicas e polas reservas de lignito pardo (hoxe esgotadas en Meirama e As Pontes), Galiza xogou –e xoga– un papel de fornecedor de abundante enerxía eléctrica para atender, cos seus excedentes, ás necesidades do Estado; mais a construción e instalación de centros de transformación de enerxía, supuxo un moi importante impacto social e ambiental no noso territorio.

Na política enerxética do Estado sempre imperou a tarifa única, é dicir, a mesma tarifa para o conxunto do Estado, sen favorecer aos territorios que xeran excedentes. Deste xeito, o conxunto dos consumidores/as pagan solidariamente as perdas no transporte entre centros de produción e lugares de consumo e o sobrecusto dos territorios extrapeninsulares: Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros.

Mais, coa recente aprobación da nova Lei do Sector Eléctrico (Lei 24/2013, do 26 de decembro), o Goberno central deixa aberta a posibilidade de concretar suplementos territoriais diferentes ás tarifas eléctricas para cada



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidade autónoma, por un importe igual ao que cada comunidade recade en tributos propios ás xeración de electricidade.

No caso de Galiza que temos o canon eólico, o hidráulico e a ecotaxa; de concretarse o recollido na nova Lei, artigos 16.4 e 17.6, o conxunto dos consumidores/as de Galiza terían que pagar, por enriba da tarifa xeral do Estado, un suplemento igual ao valor deses tributos. De aplicarse esta medida, imos chegar ao disparate de que onde se produce e exporta electricidade –e, por iso, poden existir tributos-, a paguemos máis cara que onde son totalmente deficitarios, por exemplo Madrid.

Pola capacidade de Galiza en transformación de enerxía eléctrica, a súa exportación, a solidariedade interterritorial no sobrecusto extrapeninsular e nas perdas no transporte e, agora, ante a posibilidade real de desaparición de tarifas únicas, debe levarnos a demandar a existencia dunha tarifa eléctrica galega, tanto doméstica como industrial, mais no senso contrario ao que pretende a nova Lei 24/2013, unha tarifa eléctrica galega que favoreza prezos máis baixos para o conxunto da nosa poboación e dos nosos sectores produtivos.

Por este motivo, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-A derogación dos artigos 16.4 e 17.6 da Lei 24/2013, do 26 de decembro.

-Á rebaixa das peaxes do sistema eléctrico para os consumidores/as galegos/as nun 30%, conformando así unha Tarifa Eléctrica Galega.”

Santiago de Compostela, 10 de febreiro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 10/02/2014 18:08:15

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 10/02/2014 18:08:21

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández** e **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate en **Comisión**, en relación á posta en marcha dun **plan de conservación, estudo e divulgación do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Parlamento de Galicia acordou avanzar na declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade da Unesco. Isto significa que a zona será declarada de especial protección para ser conservada como patrimonio común da humanidade.

Mais esta figura, de por si, non garante a preservación e mellora do estado do Patrimonio da zona, senón que precisa dunha participación activa tanto da cidadanía como da implicación real e efectiva das distintas administracións públicas comprometidas neste amplo territorio.

Esíxese un especial coidados das administracións no caso da Ribeira Sacra, pois non se trata só de centrar a atención nun monumento, nun conxunto patrimonial ou nunha única cidade, senón que falamos dun territorio que mantén un patrimonio moi variado, dunha riqueza incuestionable e que debe ser preservada, divulgada e revalorizada.

A distinción da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade non debe ser un pretexto para unha musealización mal entendida da zona: ten que ser un territorio vivo, onde as comunidades veciñais se impliquen na súa vida económica e cultural.

O territorio coñecido coa denominación “Ribeira Sacra” ten unhas singularidades paisaxísticas e culturais que a converten nunha paraxe única, tanto na súa dimensión xeomorfolóxica (os canóns do Sil e Miño; o cultivo en bancais), climática (mesturas en función dos lugares dun clima mediterráneo

cun atlántico), coma culturais, onde o patrimonio conserva as pegadas dos diferentes estadios evolutivos da nosa historia (desde o paleolítico da depresión de Lemos, os petroglifos do sur de Lugo, os castros e restos da romanización en Quiroga, Castellón, Proendos e San Vicente, ate as mostras do Barroco, pasando pola riqueza románica que se espalla por toda a Ribeira Sacra).

E, non obstante, falamos dun territorio que coñeceu o desleixo da administración pública ou, mesmo, que favoreceu a súa degradación e a conseguinte perda demográfica que afecta a toda a Ribeira Sacra.

O sobre-aproveitamento hidroeléctrico, do que se benefician as grandes empresas eléctricas, sen que nunca significase un beneficio para a poboación da zona, é unha das circunstancias que poñen en risco a propia candidatura a Patrimonio da Humanidade se consideramos que dito sobre-aproveitamento significou a destrución de paisaxes, o asulagamento das mellores terras e o esnaquizamento das prósperas relacións entre as ribeiras.

Son tamén fonte de grande preocupación: a escasa rede de saneamento coa que se conta na zona lucense, coa conseguinte contaminación dos recursos hídricos; a excesiva contaminación fitosanitaria das terras da ribeira; o escaso apoio ao sector leiteiro; a mala e nada efectiva política de control dos lumes; a carencia de redes de transporte público; todo isto nun territorio envellecido e de baixo nivel de renda, que vé, ademais, como a súa poboación máis nova marcha da zona buscando solucionar a súa vida noutras zonas de Galicia, do Estado ou de Europa, principalmente.

Desde AGE consideramos prioritario que se procure implicar á cidadanía durante todo o proceso. En especial, a **Comisión Mixta de Execución e Seguimento** creada co convenio de colaboración subscrito entre a Deputación provincial de Lugo, a Deputación de Ourense e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra debe realizar un especial esforzo por implicar de forma activa a toda a sociedade civil, en especial as entidades culturais que traballan na conservación do patrimonio. De feito, a elaboración final debe contar coa participación do tecido cidadán.

Implicación da cidadanía que xa debe vir dado desde o ensino, esencial para concienciar da importancia do noso patrimonio cultural e natural, a través do desenvolvemento de unidades didácticas específicas que poñan en valor todo o espazo que abrangue a Ribeira Sacra.

Cómpre, igualmente, unha colaboración estreita coas entidades promotoras da candidatura co sector vitícola.

Estamos ante unha magnífica ocasión para adoptar o compromiso de pular pola distinción de patrimonio inmaterial galego-portugués como Patrimonio Inmaterial da Humanidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1) Crear todas as canles de participación do tecido social e cidadán do espazo xeográfico coñecido como Ribeira Sacra á hora de definir os valores naturais e culturais do territorio implicado na denominación de Patrimonio da Humanidade e que se incorporarán ao informe técnico previo que o ICOMOS dirixirá ao Comité da Unesco.

2) Elaborar dun plan, participado cos axentes sociais implicados, de defensa, preservación, restauración, divulgación e investigación do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra que conte cunha cronoloxía clara de aplicación e desenvolvemento, cunha memoria orzamentaria clara e compromiso das diferentes administracións públicas implicadas no goberno da zona e que abraza, cando menos, os seguintes bens culturais e naturais:

2.1. O conxunto de petroglifos do sur de Lugo

2.2. Plan global de preservación e divulgación do Románico da Ribeira Sacra

2.3. Musealización do castro de San Vicente (Monforte) e establecemento dun obradoiro de emprego para dito proceso.

2.4. Rehabilitación de San Paio de Abeleda (Castro Caldelas, Ourense) e do Pazo Obispal de Diomondi (Saviñao, Lugo)

2.5. Restauración das pinturas murais da igrexa de San Vicente de Pinol (Sober)

2.6. Recollida da cultura inmaterial dos concellos da Ribeira Sacra

3) Elaborar unha serie de unidades didácticas sobre a Ribeira Sacra destinadas ao seu uso nas aulas dos centros educativos da zona a declarar Patrimonio da Humanidade.

Compostela, 06 de febreiro de 2014.

Xabier Ron Fernández

Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Ramón Vázquez Díaz

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 07/02/2014 12:50:35

Ramón Vázquez Díaz na data 07/02/2014 12:50:43

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e José Luis Méndez Romeu**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Consellería de Facenda da Xunta de Galicia publica, anualmente, unha orden pola que se desenrola o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma galega e se aproban os prezos medios no mercado aplicables para cada exercicio.

Estes prezos medios de mercado son os que serven de base para a tributación de transmisións.

Nos concellos rurais de Galicia de forma xeneralizada se parte duns valores demasiado altos e que, sen dúbida, nos últimos anos experimentaron un descenso no mercado moi superior ó reflectido nos baremos da consellería.

No que se refire os inmobles urbanos, na maioría de concellos houbo un crecemento nos últimos anos moi elevado de vivendas, e que nestes momentos de crise económica fai que o prezo baixase en moitos casos ata nun 60 %. Sen embargo a rebaixa feita pola Xunta de Galicia nos valores aplicados para os últimos exercicios, foi moito máis baixa.

No que se refire os valores do solo rústico, estes tamén teñen un valor claramente desproporcionado dende fai moitos exercicios, ademais de que os criterios non reflicten a realidade actual existente. O solo rústico xa ten moi limitado o seu uso, e polo tanto factores como accesos as vías, proximidade a urbano, etc, son factores que están sobredimensionados nas valoracións que fai a Xunta de Galicia.

Grupo Parlamentario

Isto, sen dúbida non axuda a solucionar un dos grandes problemas estrutural que temos como país, que é a mobilidade de terras.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Revisar de forma xeneralizada os valores de prezos medios de mercado aplicables a inmobles rústicos e urbanos para os vindeiros exercicios.
- Actualizar os criterios de valoración nos inmobles rústicos.

Pazo do Parlamento, 7 de febreiro de 2014

Asdo.: Pablo García García
Juan Carlos González Santín
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 11/02/2014 14:09:57

Juán Carlos González Santín na data 11/02/2014 14:10:08

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/02/2014 14:10:13

José Luís Méndez Romeu na data 11/02/2014 14:10:20

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio de Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recousó, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión**, relativa a rectificar o pavoroso balanço social e para o emprego resultante das contrarreformas laborais do PP.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cal é o balanço da contrarreforma laboral do PP logo de dous anos de vixencia? Coas verbas dun estudo da Fundación 1º de Maio das Comisións Obreiras, que é o elemento nuclear sobre o que repousa esta iniciativa, o balanço é pavoroso para as clases traballadoras: menos ocupación e máis paro e precariedade laboral.

A técnica lexislativa, empregada con teimudez e de dubidosa constitucionalidade, é a coñecida como ordeo e mando, moi do gusto da dereita militarista e reaccionaria española.

O programa de destrución de dereitos individuais e colectivos no eido das relacións laborais en materia de emprego, contratación, flexibilidade, despedimento, condicións de traballo e no sistema de negociación colectiva supón atribuír case todo o poder á parte empresarial, pretextando que iso servirá para sermos máis competitivos e para crear emprego. O resultado da implementación das 34 normas ditadas neste bienio negro desminte tales obxectivos.

Os propósitos eran e son outros e van no rego de transformar o réxime social pactado na transición, baixo os imperativos destituíntes das clases dominantes, que buscan rachar calquera acordo social, recortar salarios e condicións laborais e aumentar a taxa de beneficios, vía o incremento da extracción do plusvalor. Traballar máis e peor e cobrar menos, na doutrina Díaz Ferrán, presidente dos emprendedores empresarios deste reino de España. Así, dende 2010 ate o terceiro trimestre do 2013, a acción combinada da suba do IPC (9,3%) e da redución dos custes laborais unitarios (8,5%)

dan como resultado o derrubo dos custos laborais unitarios reais dun 18% en menos de catro anos.

Todo elo nun contexto de destrución neta de 3,6 millóns de emprego destruídos, cunha taxa de destrución de emprego no sector manufactureiro superior e co xogo perverso que supón destruír emprego indefinido para apenas paliar esa destrución con emprego precario, temporal e coa subocupación maior das series históricas. Os contratos temporais supoñen xa o 92,3% do total dos contratos.

O balanço das contrarreformas patronais impulsadas polo PP, polo partido dos patróns –unha fracción dos cales logo o agradecen na contabilidade B do partido- confirma que se agudiza a destrución de emprego. Crece a pobreza e a desigualdade social, nun Estado onde case 4 millóns de persoas traballadoras no paro non dispoñen de protección social algunha.

Polo que o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE NA COMISIÓN:

- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a rectificar de xeito radical no ámbito das súas competencias o conxunto das políticas laborais que provocan máis paro, pobreza e desigualdade social.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a implementar unha política en materia laboral propia e alternativa a do goberno central.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a elaborar e dotar orzamentariamente de xeito extraordinario un plan de emprego extraordinario para combater o paro no noso país?
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a fornecer os servizos públicos como motores de benestar e creadores de emprego estable e con dereitos.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a desenvolver o conxunto de Q medidas de protección social para atender ás persoas traballadoras que se atopan no paro no noso país.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a elaborar un plan extraordinario e urxente para combater a pobreza e a desigualdade social.

Compostela, 11 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 11/02/2014 18:11:17

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 11/02/2014 18:11:20

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **José Manuel Gallego Lomba**, **José Ramón Val Alonso** e **Francisco Caamaño Domínguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

No porto de Panxón fai uns anos tiña máis de 50 profesionais que se dedicaban a pesca de baixura, número de profesionais que foi decrecendo de forma alarmante, en gran medida debido a crise, da que o actual Goberno da Xunta de Galicia non é quen de darnos solucións para saír, isto levou a que moitos mariñeiros venderan as súas embarcacións para traballar na altura ante a imposibilidade de manter a súas empresas, dado o forte incremento de custes de explotación e a pouca rendibilidade do traballo e tamén dáse a coincidencia de que moitos se xubilaron, todo isto fai que a flota se estea reducindo en todo os portos o seu número de embarcacións.

Panxón neste momento rolda as 23 embarcacións.

Tamén inflúe as promesas incumpridas por Portos de Galicia de facer un novo espigón e tamén de falta de calado no porto, xa que fai moitos anos que non se draga a lámina de auga próxima ao muelle, o que fai que teñan un grave problema de calado coa marea baixa para atracar a mesmo, petición que xa fixeron en seu momento os mariñeiros de Panxón así como a confraría de Baiona, pero como sempre o único que obtiveron foi a calada por resposta.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que na maior brevidade posible inicie o dragado da lámina de auga do porto de Panxón, así mesmo que se inicie o estudio e proxecto do novo espigón de abrigo en dito muelle.

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba
José Ramón Val Alonso
Francisco Caamaño Domínguez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 11/02/2014 18:09:02

José Ramón Val Alonso na data 11/02/2014 18:09:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 11/02/2014 18:09:14

José Luís Méndez Romeu na data 11/02/2014 18:09:18

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Gallego Lomba, José Antonio Sánchez Bugallo, Patricia Vilán Lorenzo e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A comunidade de propietarios dos edificios na rúa Teixugueiras, 15-17 no polígono de Navia (Vigo), vén de presentar unha demanda de xuízo ordinario contra o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS), despois de intentar chegar en diversas ocasións a unha solución amigable aos problemas de deficiencias construtivas que afectan aos ditos edificios.

Ante a falta de vontade de chegar a unha solución amigable por parte do IGVS, os habitantes destes edificios, pasaron a reclamar por diferentes vías as solucións, que consideramos imprescindibles dunha serie de problemas que afectan a nivel económico e de calidade de vida a estas persoas.

O promotor, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, ten que responder dos denominados “vicios de construción” ante os adquirentes das vivendas.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, para que a través do IGVS, subsane nun prazo non superior a tres meses, todas as deficiencias construtivas que afectan aos edificios da rúa Teixugueiras, 15-17 no polígono de Navia (Vigo).

Pazo do Parlamento, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Gallego Lomba
José Antonio Sánchez Bugallo
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 11/02/2014 18:09:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Gallego Lomba na data 11/02/2014 18:09:59

José Antonio Sánchez Bugallo na data 11/02/2014 18:10:05

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/02/2014 18:10:13

Raúl Fernández Fernández na data 11/02/2014 18:10:19

José Luís Méndez Romeu na data 11/02/2014 18:10:25



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **Tereixa Paz Franco** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**; relativa ás previsións do Goberno do Estado de eliminación da oficina do CAISS na Pobra do Caramiñal.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social está planificando o peche dun terzo das oficinas do CAISS en próximas datas, ao parecer no primeiro semestre de 2014.

Actualmente en Galiza están operativas 36 oficinas da Seguridade Social, algunhas situadas nas cidades e outras en pequenas poboacións. Ao parecer os plans do Ministerio pasarían por eliminar 12 oficinas no noso territorio nacional.

Ao parecer unha destas oficinas abocadas ao peche sería a que actualmente existe na Pobra do Caramiñal. Este feito ten suscitado gran alarma entre a poboación da comarca da Barbanza, onde a gran cantidade de persoas que se adican á actividade pesqueira e a súa dimensión industrial. Esta situación provocaría que a poboación se vise obrigada á desprazarse para realizar trámites tan rutineiros e habituais como os que se levan a cabo na seguridade social.

Esta noticia suscita a preocupación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa que afectará á poboación na medida en que sairá prexudicada recibindo cada vez un peor servizo, establecendo cada vez maior distancia entre a cidadanía e a estrutura administrativa, no canto de achegala e facer unha administración máis accesíbel e directa.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Ademais, por suposto de prexudicar ao emprego público, nesta deriva emprendida polo Sr. Rajoy e o Partido Popular de pretender simular un aforro a costa da eliminación de emprego público coa consecuencia de empeoramento dos servizos públicos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Proposición no de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a dirixirse ao Goberno do Estado a fin de que manteña abertas todas as oficinas do CAISS actualmente existentes en Galiza e que polo tanto retiren a súa proposta de peche da oficina actualmente aberta na localidade da Pobra do Caramiñal.”

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 11/02/2014 19:12:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2014 09:30
Nº Rexistro: 19156
Data envío: 11/02/2014 19:14:00.674



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 11/02/2014 19:12:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás previsións do Goberno do Estado de eliminación de 12 oficinas administrativas da seguridade social en Galiza.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social está planificando o peche dun terzo das oficinas do CAISS en próximas datas, ao parecer no primeiro semestre de 2014.

Actualmente en Galiza están operativas 36 oficinas da Seguridade Social, algunhas situadas nas cidades e outras en pequenas poboacións. Ao parecer os plans do Ministerio pasarían por eliminar 12 oficinas no noso territorio nacional.

Esta noticia suscita a preocupación do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego xa que afectará á poboación na medida en que sairá prexudicada recibindo cada vez un peor servizo, establecendo cada vez maior distancia entre a cidadanía e a estrutura administrativa, no canto de achegala e facer unha administración máis accesíbel e directa.

Ademais, por suposto de prexudicar ao emprego público, nesta deriva emprendida polo Sr. Rajoy e o Partido Popular de pretender simular un aforro a costa da eliminación de emprego público coa consecuencia de empeoramento dos servizos públicos.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a dirixirse ao Goberno do Estado a fin de que manteña abertas todas as oficinas do CAISS actualmente existentes en Galiza e que polo tanto retiren a súa proposta de peche que pende sobre estas.”

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2014

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 11/02/2014 19:46:35

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 11/02/2014 19:46:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Beatriz Sestayo Doce, Vicente Docasar Docasar e Marisol Soneira Tajés, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Os servizos públicos son piares fundamentais nunha sociedade que aspire a ser igualitaria e xusta. O texto constitucional que reconece ao Estado como “social e democrático de dereito”; mentres que o artigo 9.2 do mesmo texto esixe que os poderes públicos “promovan as condicións para que a liberdade e igualdade dos individuos e dos grupos que se integran sexan reais e efectivas”. Proclamación que recolle a norma Institucional Básica de Galicia, o noso Estatuto de autonomía, no artigo 4.

Os servizos públicos contribúen á obriga da Administración para garantir a igualdade e a calidade no acceso aos dereitos da cidadanía, e á promoción da solidariedade entre as persoas.

Dende a toma de posesión dos gobernos do PP as agresións ao sector público e aos dereitos das súas empregadas e empregados son continuos. Modificacións arbitrarias das RPT, amortización de prazas, supresión de servizos públicos, privatización deles, recortes salariais e laborais, son algúns dos exemplos da política da Dereita galega e española. O presidente Feijoo durante a campaña electoral anunciou que os empregados públicos xa se someteran a demasiados sacrificios e que el non lle imporíaa ningún máis nesta nova lexislatura. A súa palabra durou tanto coma a campaña electoral, xa que de inmediato se acometían novos recortes e a supresión das pagas extras.

Este Grupo Parlamentario ten denunciado reiteradamente eses recortes, así como ten esixido o Goberno galego reverter as políticas contra o sector público e os empregados públicos, atopando sempre o rexeitamento contumaz do grupo parlamentario do PP e do Goberno que sustentan.

Grupo Parlamentario

Mais agora a xustiza tense pronunciado a favor do funcionariado. A pesares da dura posición do PP, os tribunais están dando un tras outro a razón ás e aos empregados públicos que demandan o pago das pagas extras, inxusta e ilegalmente detraídas, reforzando así as reivindicacións do sector público.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Sorprendentemente, e unha vez máis, o Goberno da Xunta, lonxe de acatar as resolucións xudiciais (como xa tiña feito no desatacamento ás sentenzas xudiciais que reprendía á Xunta respecto á vulneración do dereito á negociación colectiva), mantense en contra das reivindicacións dos empregados públicos e das resolucións xudiciais, nunha obstinación propia dunha visión autoritaria que non se cansa de exhibir.

En virtude do exposto o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Acate as resolucións xudiciais que esixen o aboamento das cantidades inxustamente detraídas nas pagas extras das empregadas e empregados públicos, negociando con eles a extensión dos efectos xudiciais das devanditas sentenzas.

2º) Reverta as políticas de recortes e privatizacións do sector público do Goberno da Xunta de Galicia.

Pazo do Parlamento 11 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 12/02/2014 10:47:40

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2014 10:48:00



 [Grupo Parlamentario](#)

María Soledad Soneira Tajés na data 12/02/2014 10:48:14

José Luís Méndez Romeu na data 12/02/2014 10:48:28

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Francisco Caamaño Domínguez, Vicente Docasar Docasar e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

IES Universidade Laboral de Culleredo (A Coruña) ten hoxe unha ampla oferta educativa. Na mesma figuran diversos módulos e titulacións referidos a actividades marítimo-pesqueiras, con un número de alumnos próximo aos 150. Non é de estrañar a relevancia destas titulacións pois na orixe deste centro de formación está precisamente a preparación profesional en relación coas citadas actividades vinculadas ao mar. O actual IES naceu como Universidade Laboral “Crucero Baleares” tendo como orientación profesional de referencia a formación Marítimo-pesqueira que segue a ser un dos principais roles deste prestixioso centro de ensino de referencia para toda Galicia.

As titulacións náutico-pesqueiras ofrecidas por este centro de ensino son un exemplo de preparación profesional para o entorno produtivo no que se atopan os alumnos, pois achega unha formación especializada aos lugares onde existe unha demanda certa, favorecendo así o acceso ao coñecemento e ao emprego.

Non obstante, tal como tiña ocorrido noutros centros de formación náutico-pesqueira de Galicia ata que este grupo parlamentario expuxo o tema neste parlamento -como era o caso da Escola Oficial de Ribeira- as distintas titulacións oficiais que expide a Consellería de Educación non habilitan por si soas para o exercicio profesional, posto que a Dirección Xeral da Mariña Mercante esixe estar en posesión doutras titulacións complementarias que non forman parte dos estudos oficiais en sentido estrito. Entre esas titulacións requiridas figuran con carácter xeral: o curso avanzado de formación sanitaria específica, o curso avanzado de loita contra incendios, o curso avanzado de botes de rescate non rápidos, o de operador xeral do Sistema Mundial de Socorro e Seguridade Marítimos (GMDSS) e o curso de Radar de Punteo Automática (ARPA).

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Estes cursos obrigatorios para poder enrolarse nunha embarcación e exercer o posto de traballo para o que os alumnos se prepararon e se formaron durante dous anos, non se están a ofertar actualmente dentro do programa de formación do IES Universidade Laboral de Culleredo, malia contar coas instalacións e parte dos recursos necesarios, incluíndo o profesorado. Ademais dáse a circunstancia da veciñanza que existe entre este centro e a Escola Técnica Superior de Náutica y Máquinas da Universidade da Coruña polo que mediante convenio poderían suplirse de xeito moi doado as eventuais necesidades que puideran existir.

A falta dunha planificación conxunta para toda Galicia, obriga aos alumnos a acudir a entidades privadas onde obter esas titulacións complementarias e poder acceder así ao mercado de traballo, asumindo un elevado custe económico (entre 1.000 e 1.500 euros por curso, máis os gastos de desprazamento e estancia noutros lugares de Galicia) ou a agardar, en moitos casos, ata dous anos en lista de espera para poder cursalos gratuitamente na Escola Náutico-Pesqueiras de Vigo, Ribeira ou Ferrol, onde ao parecer o seu profesorado non ten esgotado o cupo horario e poden completalo impartindo os ditos cursos formativos.

É evidente que esta situación é discriminatoria para os mozos e as mozas que optan por seguir os seus estudos no IES Universidade Laboral de Culleredo, amais de ser un exemplo de como por non acometer unha política razoable de persoal se desaproveitan as instalacións e outros recursos materiais cos que xa conta a propia Administración educativa. Grazas a unha iniciativa anterior do Grupo Parlamentario Socialista semella que os problemas existentes na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira foron arranxados e que xa se están a impartir unha gran parte dos referidos cursos.

Nun momento en que é imprescindible apostar pola formación profesional, especialmente pola da xente máis nova, para loitar contra a situación de desemprego que sofren, non se comprendería que a Xunta de Galicia non adoptase as medidas necesarias para que os alumnos xa formados podan obter na propia Universidade Laboral as titulacións complementarias que se lles esixe para acceder a un posto de traballo no mar.

Se eses cursos obrigatorios xa se están a impartir gratuitamente noutras Escolas Náutico-Pesqueiras de Galicia é de xustiza que tamén os poida impartir o IES Universidade Laboral de Culleredo (A Coruña), do contrario a Xunta de Galicia estaría tolerando unha situación manifestamente discriminatoria e inxusta.

Grupo Parlamentario

Por esas razóns, o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que adopte as medidas necesarias que permitan aos alumnos do IES “Universidade Laboral” de Culleredo cursar no propio centro as titulacións complementarias esixidas para enrolarse nun barco e acceder a un posto de traballo equivalente a aquel para o que previamente se formaron, como xa está a suceder noutros centros similares de Galicia.

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 12/02/2014 10:40:50

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 12/02/2014 10:41:10

María Concepción Burgo López na data 12/02/2014 10:41:30

José Luís Méndez Romeu na data 12/02/2014 10:41:46

Á MESA DO PARLAMENTO:

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa dos deputados **Ramón Vazquez Díaz** e **Antón Sánchez García**, a través do seu portavoz Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As explotacións galegas de produción de leite de gando vacún están sufrindo nos últimos anos diversas crises cíclicas que lle afectan a todo o sector, e cada certo tempo prodúcense situacións de impagos das empresas compradoras ás explotacións produtoras.

Entre outros casos, actualmente a empresa Lácteos Tambre, S.L., débelle leite a un grupo de produtores, tendo sido condenada en sentenzas firmes ao pago destas débedas. Sen embargo os seus propietarios descapitalizaron esta empresa e deixaron de operar con ela, substituíndoa por outra empresa denominada Lácteos Merza, S.L. Posteriormente esta empresa tamén deixou de operar e os mesmos empresarios (directamente ou con persoas da súa confianza) continuaron no mercado da compra de leite mediante a empresa Logística Alimentaria, S.L. Todos estes cambios aconteceron nun período de tempo inferior a dous anos, e o empresario que está detrás da xestión destas empresas continúa a operar no sector facendo estas e outras manobras fraudulentas que resultan prexudiciais para o conxunto do sector en xeral e para os gandeiros e gandeiras das explotacións produtoras en particular.

Estas prácticas non son exclusivas desta empresa, e permítenselle a outras moitas deste e doutros sectores pero, centrándonos neste sector, pódese poñer en marcha un mecanismo que permita protexer aos produtores e produtoras de leite destas prácticas, xa que o Ministerio de Agricultura cando autoriza a alta dun operador lácteo, esíxelle un aval ou garantía para facerlle fronte ás liquidacións de taxa láctea ás que poida dar lugar. Sen embargo, cando non hai taxa láctea que liquidar, este aval é devolto ás empresas sen ningún outro control por parte da administración que garanta que o resto de operadores

do sector poida resultar prexudicado con impagos, de maneira que se están a desperdiciar uns mecanismos de garantía que poden axudar a evitar (ou mitigar) situacións de insolvencia e tamén de uso fraudulento de sociedades de responsabilidade limitada.

Tendo en conta que as reclamacións que procedan por vía xudicial non sempre son o rápidas que deberan, e resultan custosas para as explotacións que teñen que empregar, o uso de ferramentas administrativas que revirtan en máis mecanismos de garantía para os operadores dun sector, supón un avance na xestión dese sector, e un medio de defensa para a parte da cadea máis feble, que son os produtores e produtoras de leite.

Do que se trata é de que cando unha empresa comece a operar no sector, se lle esixan as garantías necesarias para que, no momento en que deixe de operar, poida botarse man desas garantías para facerlle fronte ás responsabilidades e obrigas que esa empresa poida ter pendentes de cumprir, e que tratándose os gandeiros e gandeiras produtores dunha parte máis feble e desprotexida dentro de toda a cadea deste produto, que se determine que teñan preferencia sobre outros operadores no momento de facer uso destes mecanismos de garantía.

Esto contribuiría a darlle un sentido máis amplo e razoable ás garantías que se lle esixen aos operadores do sector lácteo, axudaría a evitar as consecuencias negativas de situacións insolvencia, e evitaría prácticas fraudulentas que se están facendo por parte dalgúns compradores e que prexudican a todo o sector.

Dende o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerdas formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que inste ó Ministerio de Agricultura a que realice as modificacións legais que procedan, para que as garantías que deban constituír os operadores do sector lácteo (singularmente aqueles que operen como industrias e/ou como primeiros compradores) queden tamén afectas ao pago do leite que lle entregan os produtores e produtoras, e que se esixan nunha cantidade que sexa dabondo para facerlle fronte a este tipo de situacións.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García
Ramón Vázquez Díaz
Deputados do G.P. da AGE.
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 12/02/2014 12:55:30

Ramón Vázquez Díaz na data 12/02/2014 12:55:40

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 12/02/2014 12:55:49

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), ao través das deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo **160** do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión**, relativa o mantemento aberto e operativo e aos usos para o hospital Novoa Santos de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un área sanitaria como a de Ferrol, maltratada polos incumprimentos e privatizacións dos gobernos do PP, non se pode permitir o luxo de pechar o centro público hospitalario Novoa Santos. Agora vai cobrando corpo, ameazante para as necesidades da sanidade pública, a vontade do PP de pechar este centro sanitario público.

Necesidades médicas insatisfeitas, problemas para garantir os recursos sociosanitarios, privatizacións de cote, como a do Juan Cardona, centro sanitario privado concertado que lle custa cada ano 6,5 millóns de euros públicos, cos que entre outras fornece os beneficios privados dos seus donos e coida un xardín on de resta o busto dun criminal do fascismo como o do golpista Camilo Alonso Vega, constitúen o panorama dunha política feita ex profeso contra a sanidade pública, polo seu carácter universal, gratuíto e libre do lucro privado.

Este Grupo Parlamentar considera que o hospital Novoa Santos garda un enorme potencial para fornecer a área sanitaria de Ferrolterra mediante o seu emprego para doentes crónicos e pluripatolóxicos, como centro nodular dos servizos sociosanitarios e como espazo para instalar un centro de referencia de enfermidades profesionais, en particular a derivada dos usos do amianto, tan tardíamente prohibido no noso país.

Este Grupo aposta por desenvolver os servizos hospitalarios públicos mediante a reactivación do Plan de Atención Primaria da área sanitaria de Ferrol suspendido polo PP. Porque os recortes e incumprimentos neste campo custáronlle a cidadanía de Ferrol investimentos por máis de 100 millóns de euros. Onde van, por exemplo, os compromisos orzamentarios para dotar e pór en funcionamento completo o que fora Hospital Naval?

Son tempos de pór ao máximo de funcionamento as instalacións e os equipamentos da sanidade pública para garantir ese dereito estatutario e constitucional á sanidade pública. Non de pechar ou inutilizar estes medios para favorecer os beneficios da sanidade privada tan ben conectada en A e en B cos mandatarios do PP.

Xa que logo, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que manteña aberto e operativo o centro hospitalario público Novoa Santos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a que realice as dotacións oportunas para que o Hospital Novoa Santos asuma as función de centro de crónicos e pluripatolóxicos, nodo de integración dos servizos sociosanitarios da comarca e centro de referencia de doenzas profesionais, en particular das derivadas do amianto.

Compostela, 12 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 12/02/2014 14:31:12

Eva Solla Fernández na data 12/02/2014 14:31:18



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza en relación cos danos causados polos temporais.

Durante o último mes e medio Galiza padeceu unha sucesións de fortes temporais que deixaron importantes danos. Os seus efectos deixaron sentirse tanto en portos, como estradas e afectaron de maneira singular a sectores produtivos como o agro e a pesca. Porén, tamén se detectaron numerosos desperfectos en instalacións e infraestruturas públicas como centros escolares, polideportivos, comercios, vivendas e no medio ambiente en xeral.

É relevante o impacto que están a ter os fortes ventos e chuvias no sector pesqueiro e agrario. Semanas sen poder saír ao mar, lonxas valeiras, bancos marisqueiros anegados... provocan unhas perdas moi elevadas que lastran un sector que xa vivira situacións complexas. No caso do agro, as fortes chuvias anegaron cultivos ou impediron sementar outras. Así en zonas como A Limia, xa están solicitando a declaración de zona catastrófica polas importantes perdas rexistradas desde o mes de Decembro.

E indubidábel que os diferentes temporais deixaron tras de si un rastro de destrución ao seu paso que debe ser abordada canto antes coa finalidade de recuperar a necesaria normalidade. Cómpre ir avaliando os danos ocasionados e articular as medidas que sexan precisas tanto para reparar danos no patrimonio público, como as perdas ocasionadas aos diferentes sectores económicos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha avaliación dos danos ocasionados polos diferentes temporais tanto nas infraestruturas e mobiliario público, sectores económicos e propiedades particulares coa maior celeridade posíbel.
2. Aprobar de maneira urxente fondos económicos destinados a reparar os danos ocasionados polos sucesivos temporais que azoutaron Galiza e articular as medidas necesarias para paliar as perdas económicas que sufriron sectores produtivos como o agrario e pesqueiro.
3. Realizar as actuacións oportunas para acadar a declaración de zona catastrófica daqueles lugares onde se detecte un maior nivel de afección polos temporais, e nomeadamente, a zona da Limia.
4. Reclamar que o Goberno do Estado estableza un fondo económico destinado á financiar as actuacións previstas no punto 1.”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/02/2014 17:19:04

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e a iniciativa dos seus deputados e deputadas Román Rodríguez González, Antonio Mouriño Villar, Moisés Blanco Paradelo, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Hipólito Fariñas Sobrino e María Dolores Faraldo Botana, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Exposición de Motivos

No último Consello de Universidades celebrado o pasado 10 de febreiro acordouse o cambio de adscrición do Centro de Estudios Universitarios Superiores de Galicia (CESUGA) desde o University Collage Dublin á Universidade San Jorge de Aragón.

Tal cambio de adscrición ampárase na lexislación autonómica e estatal (*LOMLOU de 2007 e Lei do SUG de 2013*) que regula a impartición de ensinanzas universitarias por institucións privadas e está sometida a unha serie de requisitos e esixencias orientados a manter a calidade educativa da oferta formativa.

A Xunta de Galicia ten desenvolto nos últimos anos un intenso apoio ás universidades públicas galegas que conforman o SUG, mediante unha acción política consensuada que se ten materializado en acordos estratéxicos como o PFU ou a Lei de Universidades.

O traballo conxunto orientase cara unha mellora progresiva da oferta educativa, da obtención de resultados de calidade educativa, da estrutura organizativa, da xestión económico-administrativa, etc.

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 551 510
F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Tense acreditado tamén ao longo destes anos, o compromiso firme da Xunta de Galicia por potenciar o SUG como un dos piares básicos da Galicia do futuro e convertelo nun mecanismo de equidade social garantindo que ningún estudante quede excluído do sistema universitario por cuestións económicas.

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a oferta educativa universitaria plantexada por institucións privadas debe someterse a todos os controles organizativos e de calidade (titulación do profesorado, instalacións, esixencias de contidos, etc)

Por estes motivos:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia ao seguimento do acordo de colaboración entre o CESUGA e a Universidade de San Jorge de Aragón coa finalidade de garantir o cumprimento dos requisitos de esixencia e calidade educativa.”

Santiago de Compostela, 12 febreiro 2014

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/02/2014 17:43:56

Román Rodríguez González na data 12/02/2014 17:44:11

Antonio Mouriño Villar na data 12/02/2014 17:46:08

Moisés Blanco Paradelo na data 12/02/2014 17:46:17

María Soledad Piñeiro Martínez na data 12/02/2014 17:46:37

Agustín Baamonde Díaz na data 12/02/2014 17:48:51

Hipólito Fariñas Sobrino na data 12/02/2014 17:57:24

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

María Dolores Faraldo Botana na data 12/02/2014 17:57:37

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas **M^a Soledad Soneira Tajés, Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e María Quintas Álvarez**, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Asociación de Veciños de Corme ten denunciado en reiteradas ocasións que o centro de saúde desta localidade, do concello de Ponteceso, ten barreiras arquitectónicas, o cal, tratándose da infraestrutura de que se trata, parece sorprendente.

Dada a infraestrutura de que se trata, usada habitualmente por persoas con pouca mobilidade e con idades avanzadas, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia pensa que non fai falta mais xustificación para traer esta proposición non de lei ao Parlamento para o seu debate e aprobación por parte dos e das representantes do pobo galego:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a suprimir, con carácter de urxencia, as barreiras arquitectónicas e a facilitar a accesibilidade ao Centro de Saúde de Corme (Ponteceso), a fin de facilitar o acceso ao mesmo das persoas con dificultades de mobilidade, maiores e pacientes en xeral.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 12/02/2014 18:10:50

María Carmen Acuña do Campo na data 12/02/2014 18:11:00

María Carmen Gallego Calvar na data 12/02/2014 18:11:10



 [Grupo Parlamentario](#)

María Remedios Quintas Álvarez na data 12/02/2014 18:11:13

José Luís Méndez Romeu na data 12/02/2014 18:11:22

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Yolanda Díaz Pérez, Juan Manuel Fajardo Recouso e Antón Sánchez García, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na comisión**, relativa á privatización de AENA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O furor privatizador do goberno do PP semella non resentirse diante das consecuencias de ineficiencia, onerosidade e corrupción que son a marca de fábrica desas políticas neoliberais. Tomando como punto de partida a malfadada decisión do goberno Zapatero, o PP pretende consumir a privatización, incrementando a parte enaxenada e tendo como horizonte o se desfacer da totalidade da participación pública de AENA, ente que agrupa un conxunto de empresas adicadas á xestión aeroportuaria e a provisión de servizos de navegación aérea, en particular os dos tres aeroportos galegos.

Privatización, coa entrada dun 60% do capital privado, que o goberno ultima malia non dispor na actualidade da normativa regulamentaria necesaria, en concreto do chamado documento de regulamentación aeroportuaria (DORA) para avanzar na concreción das tarifas e dos investimentos.

Mais cómpre sinalar que se o PP anda en privatizar esta rede é porque saben da súa rendabilidade mesmo en termos económicos. AENA obtivo o pasado exercicio un beneficio de 308 millóns de euros. Beneficio significativo porque é o que obtén da xestión específica do servizo público que ten encomendado.

Esta decisión é unha máis dentro da política de privatizacións que traslada as perdas ao sector público e os beneficios ao privado, é dicir, privatización dos beneficios e socialización das perdas. Dicimos isto, porque como é habitual o que se privatiza é porque resulta rendible e da beneficios, e moito nos tememos que o que se pretenda sexa privatizar os aeroportos rendibles y deixar ao marxe os que non o son.

Ademais de querer desfacerse dunha empresa pública que reporta beneficios, non se entende a decisión, se non é por intereses económicos privados, xa que a nivel europeo e mundial a privatización dos aeroportos non mellorou os servizos, prezos, condicións, seguridade e incluso na xestión das emerxencias.

É evidente que a débeda de AENA, xustificación da privatización, foi produto dunha política de inversións irracional, e que procuraba o beneficio das grandes construtoras, pero foron decididas polos que agora defenden a privatización, seica como saída a súa negligencia ou incapacidade para gobernar para o interese xeral. É fundamental unha política de inversións e xestión racional e que defenda o interese xeral, pero no caso de infraestruturas estratéxicas debe de facerse dende unha boa xestión pública.

A defensa dos servizo públicos e o mantemento dos postos de traballo son elementos claves da nosa preocupación e da nosa determinación de axudar na loita para evitar a privatización que argalla o PP. Cal sería a posición do noso país, perdidos para o capital os aeroportos, no que fai a esta modalidade de transporte público?

É tamén unha decisión transcendente para Galiza, que ten que ter unha posición nidia, de maneira que os nosos intereses como país e na defensa deste servizo público non sufran merma algunha. Infraestrutura pública, financiada con recursos públicos e que serve a un interese público que supón ao redor do 8% do PIB estatal.

En atención á gravidade do exposto, o GP da Alternativa galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que se dirixa ao goberno do Estado en defensa do carácter público de AENA.

Compostela, 13 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó

Asdo. Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:



Antón Sánchez García na data 13/02/2014 11:41:49

Yolanda Díaz Pérez na data 13/02/2014 11:41:53

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/02/2014 11:41:58



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás melloras a realizar na estación de autobuses de Pontevedra pola Consellaría de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas.

A Estación de Autobuses de Pontevedra foi construída pola Xunta de Galicia no ano 1980, nuns terreos de propiedade municipal situados entre a Estación de Ferrocarril e o río dos Gafos. Desde a súa construción até a actualidade, este equipamento case non foi obxecto de actuacións de conservación, mantemento e mellora. Nos últimos anos incrementouse notabelmente o seu deterioro, o que a converteu nun **espazo tétrico, desolado, sinistro e inaccesíbel**.

Ademais de resultar incómoda e desagradábel para os usuarios, a estación constitúe unha moi mala imaxe de Pontevedra, xa que para moitas persoas é a “porta de entrada” na cidade. Non é ningunha esaxeración afirmar que estamos ante o equipamento público urbano en uso que presenta un maior abandono e que constitúe polo tanto **a maior vergoña da cidade de Pontevedra**.

Entre as numerosas deficiencias e carencias detectables cabe sinalar:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

i) GRAVES DEFICIENCIAS EN CANTO A ACCESIBILIDADE

As graves deficiencias en canto á accesibilidade e seguridade, que en moitos casos son inherentes á propia ubicación, características construtivas e dotación do edificio.

Os principais problemas son os relacionados coa chamada “mobilidade vertical” debido ao **non funcionamento das escaleiras mecánicas (situación case permanente ao longo da historia da estación), do ascensor e do montacargas**. Trátase do problema máis grave deste equipamento público xa que na práctica **impide ou dificulta gravemente o uso das instalacións a persoas con mobilidade reducida, persoas maiores que teñen que transportar bultos pesados, persoas con carros de bebé, etc.**

Ademais, no edificio existen outros elementos que dificultan accesibilidade, a mobilidade e a seguranza como:

- a excesiva altura das dársenas,
- a falta de seguranza das escaleiras interiores, que teñen unha pendente moi acusada,
- deficiencias nos accesos peonís desde a Avda da Estación, tanto polas entradas principais como polas beirarrúas das ramplas de acceso e saída dos autobuses,
- mal estado do pavimento da explanada exterior de estacionamento e acceso.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ii) PROBLEMAS RELACIONADOS COA IMAXE XERAL, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO

A **falta de conservación e mantemento das instalacións**, atribuíbel en grande parte á concesionaria do servizo, concrétese principalmente nos seguintes aspectos:

- Estado xeral de abandono e falta de coidado das instalacións
- Paredes desconchadas e con manchóns de humidade
- Deficiente iluminación
- Mal estado xeral do mobiliario e do equipamento
- Estado de abandono das oficinas e dos negocios, que teñen un nivel de aproveitamento mínimo.
- Deplorábel aspecto dos baños

iii) DEFICIENCIAS EN CANTO Á INFORMACIÓN A USUARIOS/AS

Resulta practicamente imposible encontrar na web a información sobre a estación, as empresas concesionarias e os servizos que se prestan. En canto á información dentro da propia estación, cabe salientar:

- A deficiente ou inexistente sinalética no interior e exterior do recinto
- A inexistencia de paneis informativos dinámicos e o nulo uso das innovacións tecnolóxicas, de maneira que os usuarios/as e usuarias teñen que informase mediante follas informativas situadas nas oficinas de cada compañía de transporte
- Inexistencia de información mediante megafonía



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Inexistencia de recursos informativos accesíbeis para persoas con discapacidade

Nin a empresa concesionaria da estación nin a Consellaría de Medio Ambiente e Infraestruturas acometeron nos últimos anos os traballos e obras necesarios para a boa conservación das instalacións e a prestación dun servizo acorde coas necesidades da cidadanía.

Ante as numerosas queixas de usuarios/as do concello de Pontevedra, de colectivos veciñais e de grupos políticos, a Xunta de Galicia limitouse a publicitar anuncios de melloras que nunca chegaron a concretarse.

No ano 2011, a Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia fixo pública unha auditoría que revelaba polo menos oito deficiencias importantes nas instalacións: escaleiras mecánicas “non operativas”, montacargas fóra de servizo, mal estado dos aseos, zona axardinada en mal estado de conservación, deficiente estado do alumeadado, falta de mantemento de teitos e paredes, valados perimetrais deteriorados, falta de mantemento da cuberta. No mes de setembro deste ano, a Xunta de Galicia fixo público un acordo polo que a concesionaria (Estación de Autobuses S.C.G) acometería un plan de mellora das instalacións. Transcorridos máis de dous anos, as deficiencias sinaladas pola auditoria persisten na súa maioría, agravadas con outras patoloxías e carencias como as anteriormente sinaladas.

No mes de **xaneiro de 2013**, a Dirección Xeral de Mobilidade presentou o **Plan Renove das estacións de autobuses de Galicia**. Naquela altura, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciou un investimento de 4,2 millóns de euros no período 2013-2016; o Plan anunciado prevía un investimento en



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2013 de 1.234.183 € destinado a modernización das instalacións: mellora das escaleiras mecánicas e ascensores, rehabilitación de equipamentos como os servizos hixiénicos, paramentos e cubertas, patios de manobra e construción de novas dársenas. No Plan tamén se contemplaban outras actuacións de mellora como pintado de estruturas e paredes, substitución de mobiliario, sinalética, mellora dos paneis informativos, etc.

No mes de agosto de 2013, a Consellaría de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas anunciou **a licitación e adxudicación, despois do verán, de investimentos nas estacións de autobuses de Galicia por valor de 1,58 millóns de euros no marco do Plan Renove antes do remate dese ano.** Aínda que daquela se prevían actuacións na estación de Pontevedra, a realidade demostra que non se gastou un euro e que o deterioro e a abandono avanza cada vez máis rápido convertindo a estación nun espazo marxinal e con cada vez menor uso.

Ademais da mala imaxe, da incomodidade, da inseguridade que transmite a estación, esta grave situación conculca gravemente os dereitos dos cidadáns, recollidos na lexislación autonómica, estatal e europea, nomeadamente en materia de accesibilidade. A este respecto cabe sinalar que o Regulamento EU 181/2011 sobre os dereitos dos viaxeiros de autobús e autocar establece a obriga de ter en conta, nas renovacións das estacións, as necesidades das persoas con discapacidade ou con mobilidade reducida, así como a necesidade de mellorar o acceso á información aos viaxeiros. Se ben neste caso se trata dunha obriga das empresas concesionarias dos servizos, a administración autonómica debe actuar como garante dos dereitos das persoas que usan a estación.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego, en concreto á Consellaría de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, a que realice unha actuación inmediata para corrixir as principais deficiencias que presenta a Estación de Autobuses de Pontevedra en materia de accesibilidade, seguridade, salubridade, información e imaxe xeral.”

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2014 12:08:48

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/02/2014 12:08:58

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Yolanda Díaz Pérez e Juan Manuel Fajardo Recouso, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en comisión**, relativa á vulneración de dereitos laborais da plantilla da CRTVG e cumprimentos dos principios do ente.

Para manipular á opinión pública, para construír os simulacros comunicacionais que lexitimen ao goberno quisling que a troika ten residenciado en san Caetano, semella necesario controlar, prohibir, espiar, reprimir... así de mal están as cousas na CRTVG, compañía pública á que o actual goberno da Xunta impídelle cumprir cos cometidos da xestión directa dos servizos públicos de radiodifusión e televisión competencia deste país, Galicia, consonte os principios de independencia, pluralidade, obxetividade, neutralidade informativa e veracidade.

Sen consultar, sen negociar e sen acordar coa representación sindical da plantilla dítanse unhas normas sobre o uso dos sistemas informáticos e sobre as vestimentas da plantilla que alomenos hai que caracterizar como carentes de rigor e clareza. Semella que esta circular e resolución queren, na súa pretendida ambigüidade, ser unha arma disuasoria contra o exercicio dos dereitos políticos e laborais das traballadoras e traballadores do ente.

A normativa deixa ás claras que de non se cumprir o que virán son sancións disciplinarias. O goberno galego decide atallar as críticas que no ente sosteñen os traballadores e traballadoras respecto da manipulación informativa coa fórmula do ordeo e mando, iso si, con deliberada falla de clareza para facilitar o exercicio arbitrario do poder sancionador por parte da dirección do ente.

Molestan as camisetas e demais materiais que fagan notar calquera posición crítica respecto da nova orde feijooniana, a caracterizada pola propaganda, a impunidade para os corruptos e a venda dos intereses xerais da cidadanía ao mellor postor capitalista.

Molestan os traballadores e traballadoras, que son primeiro de todo cidadanía, e que polo tanto defendan os seus dereitos e mesmo esa legalidade que o PP infrinxe, e que poidan obter documentación coa que probar nos xulgados a sistemática de vulneración dos dereitos laborais da plantilla.

Polo tanto, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que realice as xestións oportunas para que se retiren as directivas da CRTVG referidas a imaxe, vestimenta e actuación da plantilla e sobre os usos dos sistemas informáticos.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a garantir que a CRTVG cumpra os principios de independencia, pluralidade, obxetividade, neutralidade informativa e veracidade.

Compostela, 13 de febreiro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 13/02/2014 12:53:53

Juán Manuel Fajardo Recouso na data 13/02/2014 12:53:57

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 7.ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

Nos últimos meses Galicia sufriu numerosos temporais que en determinadas zonas agrarias causaron cuantiosos danos:

- En infraestruturas básicas, sobre todo de competencia municipal, como é a rede de camiños e que sen dúbida a maioría dos concellos non poden asumir a súa reparación.
- En determinadas construcións agrarias como poden ser os invernadoiros.
- E sen dúbida tamén en campos de cultivos que están asolagados dende fai moitos días e que sen dúbida ou ben botaron a perder os cultivos existentes, ou fan inviable totalmente que a próxima campaña se dea en boas condicións. Por suposto todos os cultivos hortícolas, de flor,e tamén a gandeira xa que toda a pradería renovada no outono pasado e que tería que producir nos próximos meses se pode dar por perdida.

En definitiva, en moitos factores os reiterados temporais sufridos en Galicia fai que en determinadas zonas precisen dun plan por parte da Administración autonómica excepcional e específico que axude a paliar as importantes perdas que agricultores e gandeiros van a padecer, e tamén da reparación de certas infraestruturas para poder seguir desenvolvendo a súa actividade.

Grupo Parlamentario

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Elaborar un plan en cooperación cos concellos para avaliar os danos causados en infraestruturas básicas do rural galego. Posta en marcha dunha liña de axudas para reparar eses danos de competencia municipal.
2. Crear unha liña de axudas excepcional e específica para os produtores, agricultores e gandeiros, que contemple as edificacións, estruturas agrarias e tamén os cultivos perdidos durante estes meses, con axilidade para que poida abordarse canto antes a súa reconstrución e renovación.
3. Poñer en marcha os protocolos precisos e xa establecidos para declarar a determinadas zonas como “especialmente danadas polo temporal” de cara a axudas que terá que abordarse dende o Goberno do Estado; axudas fiscais, seguridade social, etc.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 13/02/2014 16:25:49

Raúl Fernández Fernández na data 13/02/2014 16:25:54



 Grupo Parlamentario

José Ramón Val Alonso na data 13/02/2014 16:25:59

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 16:26:06

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Vicente Docasar Docasar, José Antonio Sánchez Bugallo e Raúl Fernández Fernández**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio - Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña). O PP criticaba en 2009 que, desgraciadamente, Galicia estaba perdendo as oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións.

Hoxe, no 2014, efectivamente existe ese problema: de feito, en abril do ano 2011 e no pasado mes de outubro, o Tribunal de Xustiza da UE sancionou a España polos seus incumprimentos en Galicia.

A maior abundancia, no documento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento Europeo e relativo á visita da delegación de parlamentarios da UE no pasado mes de febreiro, conclúese, entre outras cousas, que existen zonas nas nosas rías que aínda son moi produtivas, pero están en grave perigo se non se toman medidas.

En Monforte de Lemos (Lugo), a depuradora de augas residuais sita na parroquia de Piñeira non funciona, ten grandes eivas, é insuficiente e as súas instalacións non teñen mantemento axeitado. O resultado é que as augas depuradas que se verten no río Cabe son contaminantes.

Esta situación é coñecida polo Goberno do PP dende hai máis de 3 anos. O propio Parlamento debateu o asunto e, naquel debate, o Grupo Parlamentario Popular votaba a favor de construír unha nova EDAR para Monforte, cunha partida orzamentaria de 7 millóns de euros da Xunta de Galicia. O propio conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e

Grupo Parlamentario

Infraestruturas dicía en Monforte, no ano 2012, que redactarían o proxecto construtivo e farían as obras en varias anualidades.

Por último, para o presente ano 2014, o orzamento da Xunta de Galicia non recolle nin unha soa partida para esta inversión. Fomos os socialistas os que pedimos que fose aprobada unha emenda ao orzamento, que o PP rexeitou.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que cumpra os seus compromisos para dotar dunha nova EDAR ao concello de Monforte de Lemos antes de que remate o ano 2015, dando resposta ás necesidades da zona urbana e do Polígono Industrial de Reboredo, nos seguintes prazos:

1. Coa redacción do proxecto construtivo no primeiro semestre do presente ano.
2. Coa licitación, adxudicación e comezo das obras –con cargo a partidas xenéricas do orzamento da Xunta de Galicia para o presente exercicio económico–, no segundo semestre de 2014.
3. Cunha partida orzamentaria singularizada para a EDAR nos orzamentos da Xunta de Galicia para o vindeiro ano 2015.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Vicente Docasar Docasar
José Antonio Sánchez Bugallo
Raúl Fernández Fernández

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2014 16:27:35



Grupo Parlamentario

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 13/02/2014 16:27:41

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/02/2014 16:27:46

Raúl Fernández Fernández na data 13/02/2014 16:27:52

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 16:27:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **José Manuel Gallego Lomba, Patricia Vilán Lorenzo, Pablo García García, José Ramón Val Alonso e Francisco Caamaño Domínguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

No último trimestre do ano 2013, Portos de Galicia dotou ao muelle do Xufre, principal peirao da flota bateeira de Galicia dun dique flotante no cal invertiu ao redor de 1.200.000 euros. Esta actuación foi considerada polos profesionais como irreversible, xa que non se instalaram os pantaláns para poder amarrar a flota e non se pode utilizar como atraque.

De feito o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos unha emenda aos orzamentos 2014 para que se contemplara unha partida neste senso e como sempre foi rexeitada polo Grupo Parlamentario Popular.

O domingo día 9 de febreiro ante as previsións de que o vento forte do suroeste saltara ó norte - noroeste fixo saltar todas as alarmas entre os mariñeiros da Arousa. Estes, ante as novas meteorolóxicas, optaron por levar as embarcacións a lugares de abrigo natural na Arousa, os máis afortunados optaron por levar as embarcacións a lugares de abrigo na Arousa, os máis afortunados atoparon amarre noutros puntos da ría, e os menos afortunados permaneceron de vixilancia abordo das embarcacións ata ben entrada a madrugada cando o vento amainou e se tivo a certeza de que non saltaba o vento ao norte, iso si dobrando os amarres.

A indignación dos mariñeiros é maiúscula polo comportamento do responsable de Portos de Galicia que fixo un experimento en A Illa de Arousa cun dique que non cubre as necesidades da flota.

Grupo Parlamentario

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir a depuración de responsabilidades do presidente de Portos de Galicia, pola dilapidación de fondos públicos nunha actuación irreversible para a flota da Illa de Arousa.
2. Adoptar as medidas oportunas para solucionar o problema que se lle ocasionou a flota da Illa de Arousa coa construción deste dique flotante.

Pazo do Parlamento, 13 de febreiro de 2014

Asdo.: José Manuel Gallego Lomba

Patricia Vilán Lorenzo

Pablo García García

José Ramón Val Alonso

Francisco Caamaño Domínguez

Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Gallego Lomba na data 13/02/2014 16:43:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/02/2014 16:43:38

Pablo García García na data 13/02/2014 16:43:44

José Ramón Val Alonso na data 13/02/2014 16:43:48

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 13/02/2014 16:43:55



 **Grupo Parlamentario**

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 16:44:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO:

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa do deputado **Antón Sánchez García** e a través do seu voceiro Xosé Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a **seguinte Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**, en relación coa participación da Xunta respecto de actuacións no Parrote-Mariña-A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS :

1.- O pasado 9 de setembro de 2013 o Consello da Xunta aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria desta cidade para a construción dunha vía subterránea no peirao do Parrote.

A este convenio dáselle publicidade mediante a publicación o 10 de febreiro de 2014 da resolución do 29 de xaneiro de 2014 pola que se lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta axencia no terceiro cuadrimestre do ano 2013.

O orzamento de execución destas obras estímase en máis de 14 millóns de euros, dos cales máis de 12 serán achegados polo Goberno galego. Estel vial soterrado, de 562 metros de lonxitude aproximadamente, discorrerá entre Porta Real e o Castelo de Santo Antón e na realidade supón que con fondos públicos da Xunta se vai financiar parte da estrutura dun aparcamento soterrado da cal é concesionaria a entidade Copasa.

2.- O Convenio de cofinanciamento do viario soterrado ao que fai referencia o apartado anterior ten como antecedente o Convenio de colaboración para o desenvolvemento da mobilidade na dársena da Mariña e O Parrote asinado en xaneiro de 2012 polo Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña. Convenio no que precísase que "*A execución e posterior explotación do vial, estará incluída a todos os efectos dentro do*

obxecto da concesión que se otorgará para a execución dun novo estacionamento soterrado na explanada do Parrote”, polo cal queda meridianamente claro que a Xunta aporta fondos para a execución dunha actuación en terreos obxecto de concesión administrativa outorgada pola Autoridade portuaria de A Coruña a favor dunha entidade privada, Copasa. Investimento autonómico (contabilizado como transferencia) nunha actuación privatizadora de subsolo público e que, ao cabo, revertirá á Autoridade Portuaria de A Coruña.

3.- En dito Convenio de xaneiro de 2012 prevíanse entre o Concello de A Coruña, e ademáis do viario soterrado do Parrote, unha actuación na Mariña.

O Plan Especial de Infraestruturas e dotacións da Mariña, aprobado inicialmente por acordo da XGL de 06/07/2012, e que contemplaba un investimento de 14.456.041 € para a execución dunha actuación en superficie (1.853.400 €) e 8.441.459 € para a dotación doutro aparcamento soterrado, forma parte do desenvolvemento normativo das cláusulas contidas no mencionado Convenio.

4.- Do mesmo xeito, estase a executar a actuación de soterramento dunha parte do viario que vai paralelo ao recinto portuario (Avenida do Porto-Alférez provisional). Dita actuación, contratada e adxudicada pola Autoridade portuaria a Copasa (vaia casualidade !!!) interconecta o viario soterrado sinalado no apartado 1 anterior e supón, entre outros, a demolición do peche do recinto portuario que está catalogado no PXOM da Coruña (precisamente por imposición da D.X. Patrimonio da Xunta), sen contar dita demolición,, que se saiba, con autorización previa de dita D.X. Patrimonio.

5.- As actuacións descritas anteriormente non están amparadas polo interese público xeral. Ao contrario, suponen a transferencia de recursos públicos a favor ou en beneficio de intereses da concesionaria Copasa, ademáis de server como soporte de infraestrutura ao obxectivo declarado de desafectación e posterior enaxenación de terreos portuarios, en aplicación dos nefatos Convenios asinados no 2004 polo Estado e o concello de A Coruña, daquela presidido por Paco Vázquez.

6.- Nun momento de crise e coa necesidade imperiosa de investimentos que melloren a calidade de vida da cidadanía ou palíe a súa perda galopante, estas obras son un insulto e falta de respecto á cidadanía coruñesa polo que supón de asignación de recursos astronómicos a unha zona da cidade en detrimento de todo o resto dos barrios, polo que supón de fomento do transporte privado no canto do público e de especulación cun solo privilexiado.

Nun tempo de recortes nas inversións sociais, de perda continua de dereitos no traballo, na sanidade, na educación, chega un alcalde da dereita mais rancia e a seu gran proxecto, en complicidade coa Xunta de Galiza, en plena debacle económica de miles de familias e de empresas é financiar actuacións contrarias ao interese xeral público.

Por todo esto Alternativa Galega de Esquerda presenta ésta Proposición non de lei para o seu debate en Comisión :

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a :

- 1) Anular e deixar sin efecto o Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o Concello da Coruña e a Autoridade Portuaria da Coruña para a construción da vía subterránea no peirao do Parrote, procedendo á modificación orzamentaria correlativa aos efectos de destinar as partidas económicas comprometéidas á mellora dos servizos sociais, ensino e sanidade da cidade da Coruña.
- 2) Renunciar a calquer tipo de convenio de financiamento da Xunta ás outras actuacións que desenvolven ou poidan desenvolver a Autoridade Portuaria e Concello de A Coruña na Mariña-Parrote e sinaladas na exposición de motivos.
- 3) Incoar por parte da Dirección Xeral de Patrimonio expediente informativo en relación coas obras en curso de execución na zona da Mariña-Parrote-Avenida do Porto-Alférez Provisional, aos efectos de verificación do seu axuste á normativa de protección dos bens catalogados.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 13/02/2014 17:00:56

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/02/2014 17:01:05

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa dos seus deputados, Juan Carlos González Santín, José Antonio Sánchez Bugallo e do deputado-portavoz, José Luis Méndez Romeu, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A partires do xoves 30 de xaneiro, os autónomos, comerciantes e calquera contribuínte que deba declarar o IVE á Axencia Tributaria, dependente do Ministerio de Facenda, deberá presentar o documento por Internet, ou o que é o mesmo, vía telemática. Ata o de agora, as autoliquidacións e as declaracións anuais do pago deste imposto podían presentarse vía telemática, de xeito voluntario, ou en papel, nas oficinas da Axencia Tributaria pero, a partir do día indicado, tanto a presentación como a liquidación debe realizarse obrigatoriamente a través da rede.

Esta nova situación que se presenta para autónomos, comerciantes e outros contribuíntes xa provocou a inquietude e incluso queixas nalgunhas oficinas da AEAT de España. Concretamente, as protestas refírense, sobre todo, á presentación do modelo 390, correspondente ao resumo anual do IVE de 2013, e que tivo que ser presentado antes de finais de xaneiro.

Neste senso, do que se queixan os cidadáns é que un contribuínte sen dominio da Internet vese obrigado, por primeira vez, a pagar entre 60 e 85 euros a un xestor administrativo para poder presentar as declaracións e liquidacións correspondentes a este imposto, pois, no caso de non facelo como indica a nova normativa do Goberno, cabe a posibilidade de interpoñerlle unha sanción de ata 1.500 euros.

Na actualidade, existen en Galicia 230.000 persoas que tiveron que realizar, por primeira vez, este trámite administrativo a través da rede. Para a Axencia Tributaria resulta moito máis sinxelo e, sobre todo, moito máis barato porque aforra os custos de persoal, pero non é así para os contribuíntes.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Proba do anterior é que a maior parte dos particulares que obteñen unha pequena renda por un local ou piso que teñen en aluguer, ou os pequenos autónomos, son persoas de idade avanzada e pouco acostumadas ás novas tecnoloxías, polo que, nestes casos, a porcentaxe que non consegue realizar o proceso con éxito sen recorrer a un servizo privado, é elevada.

Precisamente, o secretario de Administración Xeral do Estado de UXT e traballador do departamento de informática da AEAT recoñeceu publicamente que a aplicación é complexa e esixe moitos requirimentos técnicos que un particular non ten porque coñecer nin ter no seu ordenador. Así, por exemplo, a aplicación non funciona con todos os navegadores, tamén esixe a última actualización de Java e, os trámites a realizar, tampouco son sinxelos, xa que para poder acceder o usuario ten que dispoñer dunha certificación de sinatura electrónica ou obter un código provisional.

Outro dos problemas cos que se atopan os contribuíntes á hora de realizar a autoliquidación é que o sistema informático queda bloqueado xusto no último paso antes de validar o proceso. E, no caso das liñas telefónicas, por mor do aluvión de dúbidas dos declarantes durante o período no que o proceso están en marcha, tamén están saturadas.

Tendo en conta as deficiencias que presenta o sistema, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que:

1º) Se dirixa o Goberno central e solicite a supresión desta medida que dificulta aos pequenos autónomos e aos pequenos contribuíntes á realización da declaración e liquidación do IVE.

2ª) No caso de que este sistema continúe vixente, se dirixa o Goberno central para que adopte as medidas de apoio precisas, co fin de que os afectados poidan realizar o proceso con éxito, sen ter que recorrer a un servizo privado.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3º) Se dirixa o Goberno central e lle solicite a suspensión das sancións económicas aos contribuíntes que non realicen o procedemento correctamente, xa que en moitos casos trátase de persoas que non teñen acceso ás novas tecnoloxías ou que están pouco acostumadas a facer uso delas.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Juán Carlos González Santín na data 13/02/2014 17:30:00

José Antonio Sánchez Bugallo na data 13/02/2014 17:30:11

José Luís Méndez Romeu na data 13/02/2014 17:30:31

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Francisco Caamaño Domínguez, José Ramón Val Alonso e José Manuel Gallego Lomba, a través do portavoz, solicita a esa mesa que en relación ca iniciativa con número de Rexistro 9178, que foi cualificada para a Comisión 2ª, se inclúa nos asuntos pendentes da Comisión 8ª.

Pazo do Parlamento, 12 de febreiro de 2014

Asinado dixitalmente por:

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 12/02/2014 17:15:55

José Ramón Val Alonso na data 12/02/2014 17:16:06

José Manuel Gallego Lomba na data 12/02/2014 17:16:18



José Luís Méndez Romeu na data 12/02/2014 17:16:33



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- da conselleira de Sanidade para informar **“sobre a Estratexia galega contra a obesidade infantil. Plan Xermola.”**

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -ante o Pleno- do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para informar **“do acordo de autorización da resolución dos contratos de construción do Teatro da Música e do Centro de Arte Internacional da Cidade da Cultura de Galicia.”**

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓN DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓN OU PROPOSTAS DE COMISIÓN ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓN
- 1.3.6. PROPOSICIÓN NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓN REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓN
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPUESTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓN
- 1.4.7. RECONVERSIÓN POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓN

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓN E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓN E CORRECCIÓN DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓN
 - 4.2. CORRECCIÓN DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727